

**PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE DUN CONTRATO PRIVADO PARA ALLEAMENTO  
MEDIANTE O SISTEMA DE PÚBLICA POXA DUNHA CÁMARA FRIGORÍFICA ASENTADA NO  
MERCADO MUNICIPAL DE CARBALLO.  
(PRI 12/2024).**

1.- Mediante Resolución de Alcaldía núm. 799 de data 20/03/2024 acordouse declarar como efecto non utilizable tal e como establece o artigo 7.4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, á cámara frigorífica inscrita no Inventario Municipal no epígrafe V e co número de orde 13361.

2.- Como consecuencia da devandita declaración, alterase a cualificación xurídica de dominio público-servizo público á patrimonial da cámara frigorífica inscrita no Inventario Municipal no epígrafe 1, con número de orde 13361.

3. É interese do Concello proceder o alleamento deste ben moble por medio de poxa directa, tendo en conta que a cámara non se utiliza polos praceiros, e que volver a poñela en marcha supón unha inversión bastante elevada, ademais de que ocupa un espacio de máis de 20 m2 que o Concello quere destinar a outros usos.

De conformidade co exposto é necesario,

**Primeiro.-** Incoar expediente administrativo para o alleamento do ben moble considerado efecto non utilizable descrito como sigue:

Epígrafe V, núm. Orde 13361

DENOMINACIÓN: CÁMARA FRIGORÍFICA

MEDIDAS: 4200\*5000\*2600mm

CARACTERÍSTICAS: 1 unidade condensadora Copeland con compresor modelo DLEP-20X-EWL.

2 evaporadores estáticos Frimetall SN-7-E, refrigerante R404A

**Segundo.-** Requirir ós servizos técnicos da Oficina Técnica Municipal para que redacten o correspondente informe de valoración da parcela obxecto da adquisición.

**Terceiro.-** Requirir á Secretaría e Intervención municipal para que informe sobre a lexislación aplicable, trámites a seguir, existencia de crédito e legalidade da finalidade obxecto deste expediente.

Evacuados estes trámites, o expediente será elevado ó órgano municipal competente, ó efecto de instar por parte do dito órgano, a aprobación do expediente.

Asinado dixitalmente na data que figura o marxe.